



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 19/02/2025 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2024.

Segundo: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 16/2025 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 17/2025 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2024.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 98/2025 do 27.02.2025 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2024.

Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e o nivel de endebedamento a 31.12.2024 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **26.981,49 €**
- RLTX de **266.426,94 €**
- Endebedamento a 31.12.2024: **1.080.890,38 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2024: 867.460,92 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2024: 213.429,46 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2024: **12,53 días**

Quinto: O RLTX xa foi empregado para financiar as seguintes modificacións orzamentarias:

- MC 3/2025, modalidade de incorporación de remanentes de crédito, por importe de 32.178,24 €. Incorporación de carácter obrigatorio, ao tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos no exercicio anterior.
- MC 4/2025, modalidade crédito extraordinario, por importe de 79.924,46 €, para cancelar a débeda comercial pendente do ano 2024.

Sexto: O obxecto da presente modificación orzamentaria é dotar a achega municipal, da anualidade 2025, en relación ao seguinte proxecto de gasto, que é executado e contratado pola Xunta de Galicia:

MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño: 384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €) Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €. Execución pola Xunta de Galicia	52.291,20
--	------------------

Á vista do anterior



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DISPOÑO:

Primeiro: Incoar o correspondente expediente de modificación de créditos núm. **16/2025** modalidade **suplemento de crédito**, mediante o que se dotará crédito para o financiamento do gasto ante especificado.

Segundo: Que pola Secretaría-Intervención se emitan os informes oportunos para levar a cabo a anterior modificación orzamentaria núm. **16/2025**.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais